

O DESCOÑECIDO COUREL DO POÑENTE

SALCEDO - LUGO

Ponte De Difuntos - 1, 2 e 3 de novembro de 2019



Nesta ponte de Difuntos imos coñecer e por en valor unha parte da xeografía galega practicamente descoñecida para os grupos de sendeiristas e montañeiros galegos. Despois dunha



revisión exhaustiva do mapa de Galicia pódese comprobarse que hai unha parte importante do LIC (Lugar de Importancia comunitaria) do Courel que non está comprendida dentro das áreas do Courel normalmente camiñado. Esta área pertence por unha banda ao concello de Pobra de Brollón e por outra ás partes máis altas do concello de Folgoso do Courel, aínda que nos, de xeito testemuñal, tamén tocaremos o concello de Quiroga. A área está situada ao poñente da columna vertebral do Courel, e

de aí lle ven o título da actividade.

Con este ánimo de descubrir esta nova zona faremos 3 camiñadas. A primeira desenvolverase na vertente occidental da serra da Trapa, única parte desta área protexida que non verte augas ao río Lor senón ao río Cabe, afluente do Sil.

A segunda ruta terá por finalidade unir este Courel do Poñente co Courel tradicional transitando para elo polas aldeas máis altas e menos coñecidas da serra e atravesando a cordal da serra da Trapa por unha alta golada para caer na bacía do Lóuzara o principal afluente do Lor.

A terceira etapa percorrerá camiños xa máis coñecidos, abeirando o río Loureiro, o derradeiro dos grandes afluentes do Lor, para percorrer un tramo deste río cando xa abandona o Courel.



Finalmente, se nos dese tempo, visitaríamos a Cova das Choias, marabilla da natureza xa que no seu interior posúe especies en perigo de extinción, como unha especie sumamente rara de musgo luminescente.

1.- DO MIRADOIRO DE SAN VITORIO POLA VENEIRA DE ROQUES A ALDEA ABANDONADA DE TEIXEIRA.

Comezará a andaina na área recreativa de San Vitorio. Unha feita capela, unha abundosa fonte e unhas bancadas recíbennos baixo a desafiante mirada do miradoiro do Penedo do Pico, xusto enriba das nosas testas. O primeiro dos nosos esforzos serán adicados a subir a este espectacular outeiro.



Xusto despois comezará unha subida por carreiros de montaña que nos levarán a aldea de Covadelas e despois á singular aldea de Veneira de Roques que contaba con 15 habitantes no 2015. O seu nome revela a súa singularidade: veneira ven de vea, veta ou filón de mineral. A aldea está construída enriba dunha rede de galerías mineiras onde extraíase o ferro. Aínda hoxe unha sinal desvencellada avisa da súa existencia. Hai xa anos puiden entrar nunha das galerías, e se cadra veremos algunha das bocaminas. Para os que lle gusten as películas A Veneira de Roques podería

ser algo así coma a versión galega do poboado onde se rodou a famosa película “La leyenda de la ciudad sin nombre”.

Un fermoso carreiro levaranos ao alto da serra, un anaco de pista e logo unha devasa para abeirar o monte, poñerannos xa en baixada a descubrir outra xoia, a aldea de Busto. Un paisano desta terra despois de labrar fortuna na Cataluña, cumpriu o seu sono de rehabilitar a aldea onde naceu para destinala a aldea rural. Por cousas da vida non puido atendela, pero Busto loce hoxe ben bonita e rechamanteira en lembranza deste home de grandes sonos. Disque, neste 2019, vaixe recuperar a función para a que foi concibida.



Unhas reviravoltas máis alá chegaremos ao cavorco do rego de San Vitorio, encaixado entre os costentos cantís que o conforman, xusto no lugar onde se atopa a aldea abandonada de Teixeira, na que algunhas casas teñen a peculiaridade que o chan dos seus cuartos están escavados directamente na rocha.



Abeirando o monte, primeiro por carreiros e logo por pistas, chegaremos a San Vitorio, non sin antes escoitar o ruxe ruxe dunha ferverza afundida no terreo, que se tivesemos tempo, visitaríamos.

Distancia: 16 qm. Desnivel positivo: +900m. Desnivel negativo: -900m.

2. AS DESCOÑECIDAS ALTAS ALDEAS DO COUREL. **TRANSITANDO ENTRE OS DOUS COUREIS.**

Nesta camiñada imos ir do Courel do Poñente ao Courel tradicional a traveso de valgadas, fragas, aldeas recónditas e costentos tesos. Para elo cruzaremos os altos da Serra da Trapa para unir as concas dos dous afluentes máis importantes do Lor, o Loureiro e Lóuzara. Pasaremos e coñeceremos as máis xenuínas e ben conservadas altas aldeas do Courel que son Mazo Santigoso, Parada de Montes, Carballal e Eiriz. Case ao final albiscaremos a xuntanza do Lóuzara co Lor no mesmísimo corazón do Courel.



Saíremos de Salcedo xusto a carón da fonte sita preto do museo antropolóxico que poderemos visitar. Por camiños tradicionais chegaremos a aldea de Domiz onde comezaremos unha prolongada baixada cara o río Loureiro. Chegaremos os edificios da ferrería de Loureiro que conta cunha espectacular fábrica e cunha chusca egrexia cun característico furado circular pétreo. Cruzaremos o río, por unha pontella. Seguemos polo seu afluente, o río do Mazo, que nos leva como o seu nome indica, ás cabanas do Mazo e logo a Mazo

Santigoso. Este casarelo é moi cuco, estando ben conservado. Nunha das casa vivía ata hai non moito un gaiteiro que nos lembraba que O Courel é terra de músicos. Uns camiños antigos de chan granítico, no que poderemos ollar as rodeiras dos carros, nos levan a Parada de Montes que é, en se mesmo, unha xoia. Sen as subvencións que tiveron outras aldeas como Seceda, Froxán e aínda Piornedo, Parada conseguiu conservar unha estrutura tradicional propia dos pobos de montaña cun clima invernal severo, dispoñendo de ruelas que semellan estar semi soterradas ao estar cubertas polos palenques, sendo esta a aldea galega con maior densidade destas



estruturas. Unha belida fonte avermellada polas súas augas ferruxinosas e un forno comunal completan unha magnífica estampa.

Unha ampla valgada, a do regueiro do Combán, que sobrecolle pola súa amplitude, vai a conducirnos a parte alta da serra e a aldea de Carballal, onde por tempadas vive Sonia María García, unha novelista coruñesa namorada e defensora do Courel. Alí tamén reside Xan que aos seus 90 anos conduce un tractor amarelo e é un exemplo vivinte daquela xeración dourada de gaiteiros do Courel. Prometeunos unha muiñeira, iremos preparados.



Xa enfrente temos unha golada que nos permitirá cambiar a conca do Loureiro pola do Lóuzara e que aparece nos mapas co nome repetido de “Alto da Golada”. Queda logo unha baixada constante cara a aldea de Eiriz que atravesaremos. Pouco despois escoitaremos o ruxe ruxe do

Lóuzara que semella imposíbel de acadar xa que un alto noiro afástanos del. O costento descenso por

belidas paraxes, con so trazas descontinuas de camiño, achegaranos á Ponte Sundrios no Lóuzara e abeirando este, ao pouco aparece a xuntanza co Lor. Sucédense os casarelos de Touzón e a Pendella para rematar en Baldomir, onde hai un bar recentemente aberto por unha das emprendedoras desta bisbarra, no que remataremos a camiñada.

Distancia: 22 qm. Desnivel positivo: +1.290 m. Desnivel negativo: - 1.420m



3. A RUTA DO MEL, O RIO LOUREIRO, O SOUTO DE PARAMEDELA E O BAIXO LOR.

Sairemos camiñando pola Ruta da Castaña e do Mel que comeza nas suaves ondulacións dos arredores da aldea de Salcedo. Pouco despois comeza unha abrupta e espectacular baixada polo



canón do río Loureiro. Unha albariza refeita para o turismo e unha grande rocha que foi usada polos paisanos como acubillo en caso de tormenta, se suceden nunha baixada con grandes vistas dunha belida paisaxe para, deseguido, meterse nos abruptos ladeiras do cavorco do río Loureiro ata o souto de Paramedela e o leito do río Lor, descendendo polas ladeiras deste encaixado val. No souto atopamos un antigo sequeiro restaurado do que é posíbel visitar o

seu interior. Seguiremos a ruta, baixando ata o encontro co Lor que é atravesado por unha bonita ponte colgante. Dado que a ribeira do Lor non é doadamente accesíbel neste tramo ascenderemos, gozando dos ocres da estación, por antigos camiños, nalgúns tramos tallados en lousa, e logo polas pistas do antigo camiño do Ferro e do Ouro.



Xa remontado o desnivel, tomamos o desvío que nos



leva ao lugar de Laceiras. Unha parella escolleu este afastado lugar para criar os seus fillos, ela valisoletana e el da aldea abandonada de Teixeira que vimos o primeiro día para, neste afastado e abrupto lugar, construír dende as ruínas un precioso espazo en base as súas habilidades no traballo da madeira, da lousa e do coiro. Aínda, se cadra, poderemos visitar o

pequeno museo no que se expoñen as obras deste artesán..

Queda agora unha forte baixada pola costenta ladeira do Lor, para ir a dar a este nun lugar remansado non que noutra estación, poderíamos darnos un baño dos mellores de Galicia. Magoa!, non poderemos.

Un camiño doado, somerxido nun espléndido bosque de ribeira achéganos, seguindo o Lor a antiga Ferreiría de Barxa, con edificios que rememoran o seu pasado esplendor. O pouco chegaremos á Ponte de Barxa de Lor, unha esgrevia ponte do século XVI, a primeira que permitía cruzar o río a grandes carretas dende o seu nacemento en Fonlor, preto do Cebreiro. Remataremos a camiñada no Hostal Pacita de Labrada de Lor.

Distancia: 13,4 qm. Desnivel positivo: +515m. Desnivel negativo: -805m.

4. A COVA DAS CHOIAS.

O Concello de Pobra do Brollón esconde unha marabilla da natureza, a cova das choias. A cova, que é de orixe natural, foi alterada pola man do home para a extracción de mineral de ferro



Na actualidade a cavidade ten unha extraordinaria riqueza natural en situación de vulnerabilidade: o musgo luminescente que conta cuns filamentos que reflexan unha luz verde esmeralda, producindo a ilusión visual de luminescencia. A presenza deste musgo na Península Ibérica está documentada nunha ducia de localizacións. Posúe ademais unha poboación de diferentes comunidades de morcegos única en Galicia, destacando o morcego cova que ten aquí a colonia máis grande coñecida do noroeste e os morcegos de ferradura que ocupan a cova no outono.

Pode accederse a cova por una grande entrada de máis de 30 metros de alto. Hai 3 niveles que supoñen máis de 200 metros de percorrido con diversas galerías aínda que nos so baixaremos ata a base do portal de entrada.

Tentaremos facer esta ruta, se temos tempo dabondo, ben o primeiro día ou ben o último.

Distancia: 2,3 qm. Desnivel positivo: +135m. Desnivel negativo: -135m.

QUE MAIS QUE FACER EN SALCEDO

Salcedo e unha aldea que ocupa un bo lugar no calendario de festas de Galicia. Leva sona por que alí celébrase un Entroido con moita sona: A máscara, un veciño disfrazado con peles de animal, a semellanza dun oso, percorre as rúas e corredoiras de Salcedo na compañía de "criados", asustando os viandantes, ós que intenta mancharlles coas poutas cheas de feluxe.

A maiores Salcedo foi proposta como aldea típica a



conservar con fondos Feder, como o foron Seceda, Froxan ou Piornedo. Paga a pena perderse pola súas ruelas. Posúe dous bares e lugares con encanto.

ALOXAMENTO, INSCRICIÓN E PRAZAS



PRAZAS CONVOCADAS: 35

DATAS: do venres 1 ao domingo 3 de novembro de 2019

ALOXAMENTO: O aloxamento será no hotel O Forno e na casa de turismo rural A Salanova na vila de Salcedo (Pobra de Brollón) en cuartos dobres e triplos. Máis información en <http://www.turismoruralensalcedo.net/>

SAÍDA: 07h. 30m. do venres 01 de novembro da praza Casares Quiroga (preto das Paxariñas).

CHEGADA: 21 h. do domingo 19.

MATERIAL: O propio das actividades do outono. Por mor das poucas horas de luz, dependendo do ritmo da marcha, poderíamos rematar algunha das rutas máis alá do lusco e fusco, polo que deberase levar unha **lanterna frontal**.

NIVEL TÉCNICO: Baixo **NIVEL FÍSICO:** Entre medio e medio-alto. Entendéndose por tal o daquela persoa que nas encostas pronunciadas dos coñeces e camiñas non se queda no furgón de cola..

PRAZO DE INSCRICIÓN: Do luns 16 de setembro ao venres 25 de outubro. Por mor de liberar as prazas non cubertas, e a demanda do hosteleiro, o prazo rematará cuns 10 días de antelación á saída. A inscrición farase seguindo a normativa do clube: <https://artabros.org/normativa-senderismo/>

COTA DA ACTIVIDADE:

Socios Federados: 132 €. Non Socios (en período de proba) e federados: 152 €. Os non federados terán que aboar 18 € a maiores polo custe da contratación do seguro de accidentes.

O PREZO INCLÚE: viaxe de ida e volta en autocar, desprazamentos ás 3 saídas de ruta e aloxamento composto de:

- 2 noites de durmir (ás do venres 1 e sábado 2).
- 2 ceas (ás do venres 1 e sábado 2).
- 2 almozos (os do sábado 2, e domingo 3).



PREINSCRICION E RESERVA/PAGAMENTO DE PRAZA:

-Os socios poderán reservar praza durante a primeira semana do prazo (do 16 ao 20 de setembro) mediante o abono dun anticipo de 25 € (ou aboando a



totalidade). No resto do prazo poderán apuntarse tanto socios como os non socios en período de proba e só se reserva co ingreso do total da cota. No caso de pagamento en dous prazos, o segundo deberá estar feito o 22 de outubro

No caso de baixa, os pagamentos recuperaranse na súa totalidade so cando se cubran a totalidade das prazas pero poderán recuperarse en parte dacordo co descrito no apartado 3 das normas de inscrición.

MONITORES : Argimiro e equipo.

DÚBIDAS: Na secretaría de Ártabros, Tf: 981.21.31.15

